



Oficina do Servizo de Xuventude

- **Enderezo:** Rúa López Mora 31, 36211 Vigo.
- **Teléfono:** 986 294 806.
- **Fax:** 986 294 934.
- **E-mail:** xuventude@vigo.org
- **Web:** www.xuventudevigo.org
- **Horario de Oficina:** de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.



Este espazo virtual presenta os recursos, espazos, direccións de interese, actividades e servizos, que desde o Concello e a Concellaría de Xuventude ofrécense para dar resposta á demanda de información útil e actualizada, adaptada ás necesidades reais, inquietudes, intereses e gustos da xente nova do Municipio de Vigo.

A Concellaría de Xuventude centraliza os seus servizos na [Casa da Xuventude](#).

Espazos

Lugares de especial interese para a xente nova do municipio nos que se desenvolven a maioría de actividades e servizos.

- [Casa da Xuventude](#)
- [Súbete a O Castro](#)
- [Punto Xove](#)

Cuestións sobre o servizo de xuventude

- En que lugares se realizan as actividades e servizos máis importantes para a xente nova?
- Onde están centralizados os servizos da Concellaría de Xuventude de Vigo?
- Explica tres maneiras de contactar coa Oficina do Servizo de Xuventude.
- Podes contactar coa oficina da Xuventude polas tardes?
- Se quixeras obter máis información desde casa sobre temas de xuventude en Vigo que farías?

Súbete ao Castro

- **Enderezo:** Monte de O Castro: Paseo dos Cedros s/n (a carón da pista de bicis)
- **Teléfono:** 986 485 541
- **Liñas de Autobuses:** CC, C3, C6, C7, 12A, 12B, L14, L21, L29, L25.
- **E-mail:** subeteocastro@xuventudevigo.org
- **Horario** de luns a xoves de 17:00 a 21:00 horas. Venres de 17:00 a 23:00 horas. Sábados de 17:00 a 23:00 horas.

Espazo xuvenil e punto de encontro situado no parque de O Castro desde o que se programan gran cantidade de actividades de lecer e tempo libre, dirixidas a fomentar a participación xuvenil, atendendo ás necesidades do colectivo novo.

Estamos abertos ás vosas suxestións, propoñémosvos obradoiros, actividades musicais, cursos, concertos e ofrecémosvos a posibilidade de "darvos a coñecer" na nosa páxina web. Servizos

• Punto de Información Xuvenil

- Información actualizada sobre actividades de carácter xuvenil que se están a realizar en Vigo.

- Dinamización Xuvenil axudámosche a converter as túas ideas en feitos.
- Asesoramento a Asociacións Xuvenís servizo destinado a colectivos ou asociacións xuvenís, é preciso concertar cita previa.
- Acceso libre a Internet e Sistema de Conexión WIFI

- Equipos para navegar libremente, chatear, xogar en rede, elaborar documentos, facer videoconferencia, intercambiar arquivos co voso móbil a través de bluetooth en quendas de 30 minutos.
- Conexión co teu portátil á nosa WIFI.

• Servizos Tecnolóxicos

- Videoconsolas Wii para vivir experiencias interactivas: miniolimpiadas Wii.
- Competicións de Xogos en Rede ao longo de todo o ano.
- Bluetooth.



Cuestións sobre o programa súbete ao Castro

- Que días da semana rematan máis tarde as actividades de “súbete ao Castro”?
- Que tipo de actividades, en xeral, se poden realizar?
- Pódese levar o portátil persoal? Por que?
- Nomea algunha actividade tecnolóxica que podes facer neste espazo xuvenil.
- Que tipo de información podes obter nos servizos de “súbete ao Castro”?

Casa da Xuventude

A **Casa da Xuventude** é a principal infraestrutura da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo. É un edificio público, único en toda a cidade e en toda Galicia, de gran valor arquitectónico.

Nela ponse a disposición da mocidade viguesa, actividades e servizos adecuados ás súas necesidades e intereses e en xeral para calquera moza ou mozo interesado en utilizalos. Emprega o correo electrónico de cada sección para consultar, propor ou preguntar calquera dúbida que poidas ter sobre os servizos e recursos ofertados.



- **Enderezo:** Rúa López Mora 31, 36211 Vigo
- **Teléfono:** 986 294 806.
- **Fax:** 986 294 934.
- **Liñas de Autobuses:** C5, C9A, C9B, 12A, L20.
- **E-mail:** xuventude@vigo.org
- **Web:** www.xuventudevigo.org
- **Horario da Casa:** de luns a venres de 8:00 a 15:00 e de 16:30 a 20:30 horas.
- **Horario de Oficina:** de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Cuestións da Casa da Xuventude

- Abre toda a semana a Casa da Xuventude?.
- Cal é a dirección da Casa da Xuventude?.
- Di dúas características do edificio da Casa da Xuventude.
- Como podes consultar ou preguntar dúbidas sobre os servizos da Casa da Xuventude?.
- Cantas liñas de autobuses pasan pola Casa da Xuventude

Liñas C5A e C5B de autobús (Vitrassa)



Chegar á casa da Xuventude

- Xoán vive na Travesía de Vigo e quere chegar a Casa da Xuventude. Que liña de Vitrasa debe coller das anteriores e por cantas rúas pasará durante o traxecto?
- Maruxa botou a tarde na biblioteca da Casa da Xuventude. Ela vive nunha casa do camiño do Caramuxo. Que liña de autobús deberá coller e cantas rúas terá que percorrer para regresar a casa.

Carné Xove Euro <30

O Carné Xove é unha tarxeta persoal e intransferible a disposición da mocidade galega, que acredita como tal e coa que obtén descontos e vantaxes das entidades colaboradoras na Comunidade Autónoma de Galicia, no resto de comunidades autónomas españolas e nos 40 países europeos adheridos ao programa do Carné Xove.

Vantaxes

Permítelle aos seus titulares un acceso privilexiado a diferentes bens e servizos que abranguen todos os ámbitos: cultural, aloxamento, transportes, comercial, ensino, etc. Así mesmo, os posuidores do carné xove euro <30 teñen un seguro gratuito que cubre o maior número de contingencias posibles nos desprazamentos para que así poidan facer fronte aos imprevistos que poidan xurdir nas viaxes.

Ademáis, entre as prestacións do carné xove euro <30 destacan os servizos financeiros e as garantías no estranxeiro, a través dos cales a Consellería de Familia, Xuventude e Voluntariado pretende fomentar o desenvolvemento, a mobilidade e a mellora de condicións da vida cotiá dos mozos e mozas galegos.

A quen está dirixido

Todos os mozos/as entre 12 e 30 anos, ambos inclusive.

Como facelo

Presencialmente

Cubrir o impreso normalizado e facer un pago de 6 € de taxa.

Documentación requirida

✳ [Impreso de solicitude Carné Xove Euro <30](#)



Observacións

O carné xove ten unha vixencia de dous anos contados a partir da data da súa expedición, ou ata a data na que o titular cumpra a idade máxima admitida.

Xunto co cartón recibirán unha Guía, que lles informará dos establecementos galegos nos que poderán empregala e das vantaxes e servizos de carácter xeral, a nivel estatal.

Cuestións sobre o carné xove

- Marcos sacou o carné xove o 12 marzo de 2010. Cando debe renovalo?
- A María díxolle un amigo que non pode solicitar o carné xove ata que cumpra 12 anos. Ten razón o seu amigo?
- Que debes facer para solicitar o carné xove euro < 30?
- Nomea alomenos tres ámbitos ou servizos nos que poderás ter acceso privilexiado con este carné.
- A posesión do carné xove permite descontos e vantaxes nalgúns establecementos e entidades colaboradoras de:
 - De Galicia soamente
 - De toda España
 - De 40 países europeos asociados a este carné
 - Dos tres anteriores



QUEIXAS E SUXESTIÓNS

Sede electrónica

Trámites e Información

Carpeta cidadá

Oficina tributaria

Perfil de Contratante

Impresos

Convocatorias e subvencións

Ofertas de emprego

Normativa

Actas e acordos

Queixas e suxestións

Taboleiro de anuncios e Edictos

SEDE ELECTRÓNICA

Queixas e suxestións

 [Escoitar](#)

Os formularios de queixas e suxestións teñen por obxecto recoller as manifestacións de insatisfacción dos cidadáns cos servizos prestados ou presentar iniciativas para a mellora na calidade do servizo ofrecido.

As queixas non terán carácter de recurso administrativo nin a súa presentación interromperá os prazos establecidos na normativa vixente. A presentación de queixas non supón, de ningún xeito, a renuncia ao exercicio doutros dereitos e accións que poidan exercer os cidadáns.

Solicitud de Información

Solicitud de información xeral a través do correo: 010@vigo.org

As canles para facer chegar á Administración, as queixas e suxestións poden ser:

Telemático:

- **Teléfono:** É o método máis rápido de resolver a súa queixa ou suxestión. (Recomendado)
 - **010** (desde dentro do municipio).
 - **986810260** (desde fóra de Vigo e móbiles).
- **Internet:** Cubrindo o seguinte [formulario web](#).

Presencial: nas oficinas dos organismos correspondentes.

Seguimento do estado da tramitación das queixas e suxestións:

- ▣ Seguimento da tramitación das queixas e suxestións (mediante código de control)
- ▣ Seguimento da tramitación das queixas e suxestións (mediante DNI, data e número de rexistro)



Formular queixas e suxestións

- Cales son as dúas formas de presentar unha queixa ou suxestión na administración do Concello de Vigo?
- Isabel quere facer unha suxestión ao Concello sobre o programa Súbete ao Castro pero ela, agora, atópase fóra da cidade. Cal é a mellor forma de facela?.
- Como lle explicarías a un amigo ou amiga que utilidade teñen os formularios de queixas e suxestións?.
- Explica coas túas palabras a diferenza entre presentar unha queixa e facer unha suxestión.
- Adrián tivo un problema nunha oficina do Concello e quería formular unha queixa. El está na cidade pero non pode ir persoalmente e non ten conexión a internet. Como podería facela?

Actualidade

Actualidade en RSS

Axenda

Xornal de Vigo

Noticias con voz

Avisos

Avisos de tráfico

Ofertas de emprego

Cursos de formación

Convocatorias e subvencións

Perfil de Contratante

Enquisas

Blogs: Cadernos cidadáns

Lista de Avisos

- ▶ **11/03/2011:** [Peche ao tráfico da rúa Cataluña.](#)
- ▶ **11/03/2011:** [Peche ao tráfico da Rúa Tomás A. Alonso.](#)

Avisos

11/03/2011 Peche ao tráfico da rúa Cataluña

Ponse en coñecemento do público en xeral que por mor das obras de reparación de lousas, a realizar pola empresa Oresa, estará pechada ao tráfico a rúa Cataluña, treito entre Jenaro de la Fuente e Urzáiz, con acceso exclusivo para garaxes, dende o luns 14 de marzo de 2011 ás 08.00 horas e por un período aproximado de tres días.

Mentres dure o peche produciranse as seguintes afeccións ao tráfico: establécese como rúa sen saída a rúa Monforte de Lemos; permítese (en horario laboral) o acceso de vehículos lixeiros para carga e descarga ao mercado a través da rúa Urzáiz.

O acceso de camións por Urzáiz mantense no horario establecido con descarga na fronte do mercado e saída por Cristo.

A ruta de acceso para Carga Descarga será: entrada por Gregorio Espino e saída por Cristo. En ningún caso se permite saír de Urzáiz pola rúa León, nen circular en sentido oposto ao establecido.

Solicítase a máxima colaboración cidadá.

11/03/2011 Peche ao tráfico da Rúa Tomás A. Alonso

Ponse en coñecemento do público en xeral que por mor das obras de reparación de asfaltado, a realizar pola empresa UTE Movexvial Crespo, estará pechada ao tráfico a rúa Tomás Alonso, treito entre Paz e Praza e Fadrique, con acceso exclusivo para garaxes, dende o sábado 12 de marzo de 2011 ás 08.00 horas e por un período aproximado dun día.

Solicítase a máxima colaboración cidadá.

AVISO DE TRÁFICO

Cuestións sobre o aviso de tráfico

- Que departamento do Concello publica este tipo de avisos?.
- De que tratan estes avisos?.
- Cales son as rúas afectadas?.
- Que día comeza o peche de tráfico?.
- Cal das rúas pecha por causa das obras de reparación do asfaltado?.
- Unha das rúas estará máis tempo pechada polas obras. Di o nome e de cantos días se trata.
- Que treito estará cortado na rúa Cataluña?.

Das seguintes afirmacións cales son verdadeiras:

- a.- A mesma empresa encargárase do traballo nas dúas rúas.
- b.- O luns 14 de marzo xa se poderá circular polo treito cortado na rúa Tomás Alonso.
- c.- As autoridades de tráfico non consideran necesaria a colaboración cidadá.